

- **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO EN 4º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
- **AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR.**

BENEFICIARIOS:

1. Poden solicitar acollerse ao fondo solidario todo o alumnado matriculado en , 4º e 6º de E. Primaria para o curso 2020-2021. (En 3º e 5º de E.P. se permite a adquisición e substitución de libros de texto, de acordo co establecido na Orde do 29 de maio de 2013 (DOG do 30 de maio)
2. Poden solicitar as axudas para a adquisición de material escolar o alumnado matriculado en E. Primaria para o curso escolar 2020-2021.

REQUISITOS:

1. Ter devoltos os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2019-2020. A data límite para a devolución será o **venres 19 de xuño**. Os libros entregaranse aos titores correspondentes o día de esa semana que o titor determine. De non facelo quedarían automaticamente excluídos do fondo solidario.
2. Os libros devoltos terán que estar en bo estado, no caso de deterioro intencionado ou perda terán que mercar outro igual para seguir dentro do programa de préstamo.
3. Destinar o importe do vale 50 € á adquisición do material escolar preciso. Correspóndelle aos que teñan unha renda igual ou inferior a 6000 € per cápita.
4. Cálculo da Renda per cápita: Recadro 432+460 do exercicio fiscal de 2018, dividido entre o número de membros da unidade familiar (a 31 de decembro de 2018),

SOLICITUDES:

1. Preferiblemente por vía electrónica.
2. Anexos I e II poderán obterse no centro, na ventaiña de Administración ou descargarse en formato PDF en <http://www.edu.xunta.gal>.
3. A solicitude será única para todos os fillos/as que estean matriculados no centro.
4. Debe vir asinada polo pai,nai ou titor/a legal do alumnado.
5. Poden presentarse por Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou na ventaiña de administración do centro

DOCUMENTACIÓN: **Hai que presentar orixinal e copia de todo para compulsar**

1. Copia do Libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter Libro de familia ou que este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2018, sentenza xudicial de separación ou divorcio, certificado ou volante de convivencia ou informe dos Servizos sociais que acrediten a situación familiar.
2. Certificado co grao de discapacidade se é o caso.
3. Documentación acreditativa da situación de violencia de xénero.
4. Copia da declaración da Renda no caso de non autorizar a consulta telemática.

PLAZOS:

1. O prazo de presentación de solicitudes remata o 19 de xuño de 2020.
2. Listaxes provisionais de admitidas e excluídas: 3 de xullo de 2020.
3. Reclamación de listaxes: 6 e 7 de xullo de 2019.
4. Listaxes definitivas: 13 de xullo de 2020.

- **AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO EN 1º, 2º, 3º E 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
- **AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR.**

BENEFICIARIOS

1. Poden solicitar a axuda para a adquisición de libros de texto o alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 5º de Ed. Primaria para o curso escolar 2020/21.
2. O alumnado matriculado en 5º de Ed. Primaria poderá adquirir libros de texto no caso de que non nos concedan o Proxecto Edixgal que temos solicitado. Se resultamos seleccionados non traballaremos con libros porque dispoñemos dun ordenador (tablet) para cada alumno/a e usaremos libros dixitais.
3. Poden solicitar axudas para a adquisición de material escolar todo o alumnado matriculado en Ed. Primaria no curso 2020/2021.

REQUISITOS

1. Destinar o importe do vale para **axuda de libros.**
140 €- Renda per cápita superior a 6000 € e inferior a 10000 €
210 €- Renda per cápita inferior ou igual a 6000 €
2. Destinar o importe do vale para material para a adquisición do **material escolar** que precise.
50 € para rendas per cápita iguais ou inferiores a 6000 €

SOLICITUDES

- A solicitude (anexo I e II) pode obterse no centro (xanela de administración) ou descargarse en formato PDF no portal educativo da Xunta <http://www.edu.xunta.gal>.
- A solicitude será única para todos/as os/as fillos/as que estean admitidos no mesmo centro.
- Deberá vir asinada pola nai, pai ou titor legal do/a alumno/a.
- Pode presentarse na Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou no centro en horario de 9:30 a 13:30.
- Preferiblemente por Vía Electrónica.

DOCUMENTACIÓN- ORIXINAL E COPIA.

- Copia do Libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar. Nos casos que non posúan libro de familia ou que este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2018, poden acreditarlo mediante sentenza xudicial de separación ou divorcio, certificado ou volante de convivencia ou informe dos servizos sociais nos que se acredite a situación familiar.
- Certificado do grao 3 de discapacidade se é o caso.
- Documentación xustificativa da violencia de xénero, se é o caso.
- Copia da declaración da renda ou certificado de imputacións de renda no caso que non autorice a consulta telemática.

PRAZOS:

- O prazo de presentación de solicitudes remata o 19 de xuño de 2020.
- Recollida dos vales do 13 ao 17 de xullo. (Poden recollese tamén en setembro e teñen validez ata o 8 de abril de 2021)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP de “A GÁNDARA”

R/Colmeote s/n – 15570- Narón.- A CORUÑA
Tf: 881968683 – Fax: 981388860- NIF: Q6555311G
ceip.gandara.naron@edu.xunta.es